

## CONVOCATORIA DA XV EDICIÓN DOS PREMIOS Á INTRODUCCIÓN DA PERSPECTIVA DE XÉNERO NA DOCENCIA E NA INVESTIGACIÓN

Coa finalidade de fomentar a introdución da perspectiva de xénero na docencia e na investigación - considerada como unha dimensión de calidade e innovación docente dos nosos centros, institutos e departamentos-, a USC convoca a décimo quinta edición dos Premios á Introdución da Perspectiva de Xénero na Docencia e na Investigación.

### BASES:

1. Poderán presentarse á convocatoria traballos que recollan as experiencias de introdución da perspectiva de xénero, xa realizadas por membros do PDI da Universidade de Santiago de Compostela. A efectos desta convocatoria terase en conta a consideración de PDI establecida no artigo 11 dos Estatutos da USC: “A Universidade de Santiago de Compostela contará con persoal docente e investigador, integrado polo persoal funcionario dos corpos docentes universitarios e polo persoal contratado para funcións docentes e investigadoras, así como con persoal investigador en formación”. A persoa responsable da proposta deberá figurar no POD do seu departamento no curso académico 2023-2024.
2. A documentación presentada consistirá en:
  - a memoria do traballo en galego, cunha extensión máxima de 25 páxinas (DIN A4), letra Calibri, tamaño 12, a dobre espazo. no caso de haber máis dunha persoa responsable da experiencia, é absolutamente preciso sinalar o nome dunha única persoa como **“representante do equipo”** así como a **conformidade** para a presentación da experiencia ao premio, que se manifestará mediante **sinatura de todas as persoas autoras** segundo o modelo que figura como **ANEXO I** (escrito de conformidade) da convocatoria.
  - se fora necesario, entregárase material complementario (publicacións, dossier, etc.).
  - Toda a documentación presentárase en formato **PDF**.
3. Lugar de presentación da documentación:

A documentación presentárase na sede electrónica da USC na seguinte ligazón:  
[https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/oix\\_premiospxdi.htm](https://sede.usc.es/formularios/solicitudes/oix_premiospxdi.htm)
4. Os premios terán dúas modalidades:
  - A. Premios a experiencias docentes que teñan incluído a perspectiva de xénero.
  - B. Premios para investigacións con perspectiva de xénero.

Serán premiadas un máximo de seis experiencias, tres na modalidade A e tres na modalidade B. Poderán tamén facerse mencións honoríficas sen dotación económica.

**Modalidade A:** o contido debe tratar sobre unha experiencia educativa innovadora relativa á inclusión da perspectiva de xénero na docencia, realizada no ámbito da USC nos últimos tres anos. A experiencia terá que incidir na mellora do ensino e da aprendizaxe na universidade (elaboración de materiais, aplicación de novas tecnoloxías, innovacións nas prácticas e nos programas, acción tutorial, etc.) e terase en conta que sexa susceptible de ser trasladada a outros contextos de ensino superior. En todo caso, farase unha breve valoración dos beneficios que supuxo a experiencia mediante a achega de datos do alumnado. Estas cuestións deberán describirse de forma detallada na memoria do traballo.

Dado que o obxectivo do concurso é impulsarmos a perspectiva de xénero no ámbito da docencia onde aínda non está implantada, ficarán excluídas aquelas experiencias feitas ao abeiro de materias que xa incorporan no seu nome e temática a perspectiva de xénero. O propósito é a promoción da incorporación das ferramentas conceptuais e os contidos transformadores de xénero en todos os ámbitos, non premiar as materias pola súa propia natureza.

**Modalidade B:** premiarase aqueles traballos de investigación desenvolvidos nos últimos tres anos en calquera ámbito do coñecemento que inclúan a perspectiva de xénero na formulación de hipótese, deseño e proxecto, metodoloxía e implementación da investigación, así como na publicación de resultados obtidos. Estas cuestións deberán describirse de forma detallada na memoria do traballo.

5. Serán premiadas un máximo de seis experiencias que o xurado estime de maior calidade consonte coas bases desta convocatoria. Se o xurado o considera conveniente poderá deixar algún ou todos os premios desertos. Poderán tamén facerse mencións honoríficas sen dotación económica.

Os premios estarán dotados coas seguintes asignacións:

- 1º Premio modalidade A: 1.000 €
- 2º Premio modalidade A: 750 €
- 3º Premio modalidade A: 500 €
- 1º Premio modalidade B: 1.000 €
- 2º Premio modalidade B: 750 €
- 3º Premio modalidade B: 500 €

Os premios están financiados polo Concello de Santiago de Compostela.

Estes premios serán entregados, xunto cun diploma acreditativo, á profesora ou profesor que teña presentado o traballo premiado ou que represente ao equipo no acto público de entrega, que terá lugar en Santiago de Compostela e será presidido polo reitor.

6. A admisión de candidaturas rematará o **20 de maio de 2024**. Rematado dito prazo publicarase a relación de traballos presentados. O fallo e todas as publicacións da presente convocatoria realizaranse na seguinte ligazón:  
<https://www.usc.gal/gl/servizos/area/igualdade>
7. O xurado dos premios estará presidido pola delegada do reitor para a Igualdade e del formarán parte a directora do ICE, ou persoa en quen delegue, que actuará como secretaria, dous membros do PDI da USC de diferentes áreas de coñecemento. O veredicto do xurado será inapelable.
8. Ao xurado corresponde a interpretación da presente convocatoria, así como a resolución das cuestións non previstas na mesma.
9. A participación na décimo quinta edición dos “Premios á Introducción da Perspectiva de Xénero na Docencia e Investigación” comporta a aceptación expresa destas bases.

*Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o xulgado do contencioso-administrativo de Santiago de Compostela/Lugo no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á súa recepción, de conformidade cos artigos 46 e 8.2.a) da Lei da Xurisdición Contencioso Administrativo, aprobada por Lei 29/1998, do 13 de xullo. Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que o ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo anteriormente indicado en tanto non recaia resolución expresa ou presunta do recurso administrativo de reposición, ó abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.*

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O reitor

Antonio López Díaz

Documento asinado dixitalmente conforme á Lei 39/2015 de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (BOE nº 236 do 2 de outubro de 2015).

## ANEXO I

### Conformidade das persoas autoras

*XV Edición dos Premios á Introducción da Perspectiva de Xénero na Docencia e na Investigación*

|  |   |
|--|---|
| <b>Título da experiencia educativa ou traballo de investigación:</b> |   |
| <b>Modalidade</b> (A Docencia; B Investigación)                      | A <input type="checkbox"/> B <input type="checkbox"/> |
| <b>Responsable principal:</b><br>(Apelidos e nome)                   |   |
| <b>Apelidos e nome das persoas coautoras:</b>                        |   |

**Conformidade** para a presentación da experiencia educativa ou traballo de investigación á *XV Edición dos Premios á Introducción da perspectiva de Xénero*

**Sinatura de todas as persoas autoras.**

|  |
|--|
|  |
|--|

## Sinatura dixital / Firma digital / Digital signature

**Asinante/Firmante/Signer:** ANTONIO LOPEZ DIAZ, REITOR, UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,  
11/04/2024 16:46:36.

**CSV:** 97F1-2300-4908-95C5